



Bonxe (San Mamede) – Outeiro de Rei, 1996

Informante: Indalecio Lombao Gómez (76)

Compilador: Baldomero Iglesias (Mero)

Autor da recolla: Baldomero Iglesias (Mero)

Transcrición: Isabel Vigo Rodríguez

Mira, alí, no Picato, é un sitio da parroquia de San Lorenzo de Aguiar, moi cerquiña de aquí. Entón hai o castelo, chámalle o castelo do Picato, o pico. Alí foi o Manolo, meu sobriño velo. E dicen, e arriba hai unha cantería grande e conservan auga, non sei de que é pero a cantería cando chove é coma un peón. Embolsa auga, non é moita cantidade pero... porque cando íamos alí ao barro os pequenos subiamos a... mentras os grandes descansaban un pouco nós andabamos por alí.

Entón alí, dicíase, hai unha casa que é a do Picato a carón, que hoxe está abandonada totalmente. Había un camiño ao redor. Que había unha encantada alí, no picato, naquel picacho. E que tódalas mañás salía cun gran rebaño de pitos. Pitos, unha pita con pitos. Eso había a lenda esa.

Entón un día, viña a señora da casa do Picato, que aínda bueno, agora aquilo agora derrumbouse todo. E saliulle a señora ao camiño, que había un camiño, aínda o hai hoxe. Se nos cadrara habíache de ensinar o sitio. E dixo:

- “Señora, pare aí”, e dixo: “e levante o delantal”

Ela traía un delantal, non sabes. E dixo:

- “Levante que lle vou tirar aí, pero non o, usted non mire o que leva ata que chegue á casa.”

A casa estaría a trinta metros ou por aí. E ela levantou o delantal e ela tiroulle alí unhas cousas. Dixo:

- “Usted cerre, non mire, eh. Hasta que chegue á casa.”

Pero ela anduvo un pouco máis e dixo:

- “Pero que demo, vou mirar a ver que é.”

E eran carbóns. E dixo:

- “Baah.”

Tirou con todo. Pero quedoulle un carbón no peto de delantal. E así que chegou á casa o carbón volveuse unha onza de ouro. E marchou, nunca máis se viu.

- Volvería a ver os carbóns que tirou pero...

Volveu por eles pero...

- Xa perderan o...